

# ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

Sesión Ordinaria, celebrada o martes 15 de marzo de 2022

## ORDE DO DÍA:

### **PROPOSTAS PARA REMOZAR TRES ESPAZOS PÚBLICOS DO NOSO CONCELLO:**

- **Zona deportiva e de lecer no Campo de San Pedro, en Cesantes**
- **Mellora do espazo deportivo coñecido como “O Campito”, en Chapela**
- **Zona deportiva anexa á Senda Verde, en Chapela**

O martes 15 de marzo de 2021, ás 11:00 h, celebrouse o segundo Consello Municipal de Infancia e Adolescencia do curso 2021/22.

A xuntanza tiña unha vocación práctica, xa que o seu fin era dar voz aos nenos, nenas e adolescentes para o deseño de tres espazos públicos en Redondela que serán destinados para eles. Ademais das exposicións deste consello, o Concello preparou unha páxina web: **Redondela Fala** (<https://participacion.redondela.gal/>) na que se convidou a participar á poboación escolar do municipio. Toda esa opinión pública será tida en conta á hora de materializar os proxectos.

Presidiu o acto a alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez, e asistiron os seguintes vogais:

#### **- Vogais infantís:**

- 1- Polo CEIP Alexandre Bóveda: Paula Fernández Amoedo e Aarón Silveira Rodríguez (5º curso).
- 2- Polo CEIP Outeiro das Penas: Bruno Silva Couñago e Sofía Darroza Villar (6º curso).
- 3- Polo CEIP Porto Cabeiro: Lucas García de la Peña (5º curso) e M<sup>a</sup> Teresa Montesinos Calvar (6º curso).
- 4- Polo CEIP Quintela: Aldara Montes Prieto e Pablo Figueroa Hernández (6º curso).
- 5- Polo CEIP Reboreda: David Sampil Ricon e Iria Cabaleiro Cabaleiro (5º curso).
- 6- Polo CEP Santa Mariña: Clara López Muíños, Antía Noche Barreira e Alma Otero Camiña (5º curso).
- 7- Polo IES Chapela: Lidia Bastos González (4º curso da ESO)
- 8- Polo IES Mendiño: Antía Ferrín López (2º curso da ESO)
- 9- Polo IES Illa de San Simón: Carla Acosta García (1º da ESO)
- 10- Polo IES Pedro Floriani: Xiana Fernández Magallanes e Bruno Veiga Davila (1º curso da ESO)

#### **- Vogais adultos:**

- Olga García, concelleira de Xuventude, Ensino e Participación Cidadá, en representación do Partido Socialista.



- Ivan Crespo, en representación do Partido Popular.
- Daniel Boullosa, en representación da Asociación de Electores de Redondela.
- Jérica García, en representación do Bloque Nacionalista Galego.
- Lourdes Castaño, en representación das ANPAS de Redondela.

**- Asesores permanentes do Consello:**

- Mely Rodríguez, vogal de UNICEF.

● **INTERVENCIONES:**

Resumimos nas seguintes liñas o contido das intervencións do día.

**A) CEIP ALEXANDRE BÓVEDA DE CHAPELA**

Propoñen para a ZONA ANEXA Á SENDA VERDE:

- Unha zona de descanso con soporte para colocar bicicletas, para que as familias que acompañan aos nenos e nenas podan descansar neles.
- Nesa zona, mesas con xogos pintados sobre elas (axedrez, parchís) e mariola no chan. Tamén escavadoras para area.
- Canastras triples, que son inusuais na contorna de Redondela, e atraerían a xente doutros concellos.
- Préstamos de bicis, monopatíns ou patinetes, que se podería facer a través dalgunha empresa de xestión dos mesmos.
- Papeleiras e fontes repartidas pola senda. As fontes poden ser adaptadas para persoas e animais.

Proposta para o “CAMPITO” de Chapela:

- Necesario mellorar o acondicionamento da pista, repintando o chan e substituíndo as canastras e porterías que están estragadas.
- Papeleiras normais e específicas para excrementos de cans.
- Fontes para persoas e mascotas.
- Cercar o campo cun peche máis alto para conter os balóns.
- Crear zona máis tranquila con outros xogos: tiro con arco, mesas de ping pong.
- Pavimento de caucho ou de materiais axeitados, para previr lesións.
- A parte das bancadas podería estar cuberta.

Proposta para a zona deportiva de CESANTES:

- Zona de descanso na que houbera uns bancos-balancín á sombra das árbores.
- Deportes ou atraccións pouco comúns na contorna, para atraer a xente doutros lugares, por exemplo: minigolf, parede con rochódromo.



- Contar tamén cun espazo para os máis cativos: un parque infantil, que podería contar con elementos como unha tiroliña e mais unha cama elástica, pero empregando materiais ecolóxicos e naturais, similares ao Parque dos Sentidos de Marín.
- Ter en conta os accesos adaptados para persoas con mobilidade reducida.

## **B) CEIP PORTO CABEIRO**

Para SAN PEDRO DE CESANTES:

- Mellorar o parque e mais o campo.
- Aparcadoiro de bicicletas.
- Pista de padel.
- Pista con sinalización para nenos e nenas, onde podan aprender educación vial.
- Parque de ximnasia para persoas maiores.
- Facer un museo natural ao aire libre, no que se inclúa algún observatorio e casiñas para os paxaros.
- Habilitar zona de postos de comida e bebida.
- Parques para nenos pequenos, nos que existan elementos adaptados para mobilidade reducida.
- Parque para animais, con papeleiras para os excrementos.

Para a ZONA ANEXA Á SENDA VERDE:

- Plantar árbores autóctonas.
- Máis papeleiras.
- Colocar bancos á sombra.
- Colocar mesas para descansar.
- Carril bici se hai espazo.
- Fontes de auga potable para beber.
- Sinalización da ruta: dirección, dificultade.
- Paneis amosando fauna, flora e as normas para gozar o espazo.
- Aluguer de bicis e pedaletas.

Para o “CAMPITO” de CHAPELA

- Mellorar as redes das porterías e as canastras.
- Colocación de bancos á sombra. Espazo para os adultos e familiares.
- Plantar árbores autóctonas.
- Mellora do aparcamento.
- Poñer herba artificial no espazo de xogo.
- Carril bici.
- Habilitar algunha zona de postos de comida e bebida.
- Parque para animais, con papeleiras para os excrementos.



## C) CEIP PLURILINGÜE QUINTELA

O alumnado do CEIP Quintela propón varias ideas que poderían organizarse nos tres espazos dispoñibles. Plantexa que sexa o Concello, cos seus técnicos, o encargado de maximizar estes espazos. Pensan que eles se poden desprazar a calquera dos tres lugares, en función da actividade que lles apeteza desenvolver.

- Pista de atletismo, que no medio teña un campo de fútbol de herba artificial, con pista de salto de lonxitude, lanzamento de martelo, etc.
- Unha pista de tenis.
- Un rochódromo con diferentes niveis de dificultade para que poida participar rapazada de todas as idades.
- Unha pista de *skate*.
- Areeiros, mesas de ping pong, mesas de xadrez fixas nas que os interesados podan levar as súas pezas para xogar.
- Como complemento, a existencia de algún tipo de quiosco ou servizo de bebidas e posibilidade de merendas.

## D) CEIP PLURILINGÜE DE REBORDA

Propostas para SAN PEDRO DE CESANTES:

- Ven interesante o *pumptrack*, porque non hai ningunha pista así en Redondela.
- Tamén un parque de xogos con tirolinas, rochódromo, torres con acceso de trepa, redes bidimensionais e tobogáns. Ao tempo, que contara con elementos de xogo accesibles para nenos e nenas con mobilidade reducida.
- Outra porposta é que haxa un área de descanso ou zona verde con árbores para que dean sombra no verán. Nel un estanque onde se creara un ecosistema de seres vivos acuáticos: peixes, anfibios, plantas, con paneis informativos onde se especifiquen as diferentes especies de seres vivos e as relacións que se producen entre eles.
- Tamén unha cantina neste espazo, onde poder tomar algo para así poder gozar de máis tempo do parque.

Propostas para “O CAMPITO” DE CHAPELA:

- As maiores dificultades que se atopan nese espazo é a contorna e a accesibilidade.
- Máis zonas verdes, mellora do mobiliario urbano e continuidade cos arredores.

Propostas para a ZONA ANEXA Á SENDA VERDE DE CHAPELA:

- Propoñen tamén a creación dun estanque coas características antes citadas.
- A posibilidade de utilizar karts de pedais.
- En canto ás dúas edificacións situadas na plataforma da antiga estación propoñen tres opcións:
  - a) Un espazo “bookcrossing” onde deixar libros para que os recollan outras persoas.
  - b) Un centro de recursos para persoas desfavorecidas, onde proveerlles de roupa ou comida.
  - c) Centro de día para as persoas maiores.



## E) CEP SANTA MARIÑA DE REDONDELA

Propostas para SAN PEDRO DE CESANTES:

- Facer un *parkour park*.
- Poñer redes para evitar que se perdan as pelotas.
- Reducir o aparcadoiro e facer nel un *pumptrack*.
- Proveer o espazo cunha zona de descanso con árbores, mesas, bancos e unha fonte.

Propostas para “O CAMPITO” DE CHAPELA:

- Un *skatepark*.
- Zona verde con fonte, sombra, bancos e mesas.
- Un quiosco.

Propostas para a zona anexa á SENDA VERDE DE CHAPELA:

- Pintar a ponte de cores.
- Mesas lúdicas.
- Limpar as pintadas na casa da estación.
- Un parque para exercicio físico para a xente nova.

## F) IES CHAPELA

Propostas para SAN PEDRO DE CESANTES:

- Parque canino: no lugar onde está planificado o *pumptrack*. Este parque favorecerá os paseos dos cans, que aquí poderán correr libremente sen correa. O parque terá elementos de xogo e circuítos: non só poderán correr e xogar, senon tamén adestrar.
- Escenario fixo para dar concertos. Poderá ser empregado por quen quera para practicar co instrumento, tocar con amigos, etc.
- Zona infantil:
  - No chan da mesma poderase poñer unha mariola.
  - Mesas de ping pong
  - Unha tirolina
  - Un carrusel
  - Un trepador
  - Xogos imaxinativos e de estimulación temprana para os máis cativos (un tren estático, unha casiña, etc).
  - Un trampolín
  - Columpios varios (mixtos, de integración, nido, para bebés, etc).

Proposta para “O CAMPITO” DE CHAPELA:



- Muro para a arte urbana, en substitución da reixa electrosoldada. Nel a mocidade podería facer *graffitis* e darlle un *toque urbán* ao espazo.
- De non ter *graffitis*, propoñen un mural do artista lugués Diego As. Este sería un xeito de converter ao Campito nun atractivo turístico, ademáis de ser un referente para outros mozos e mozas que aman a arte urbana.
- Mesas con cargadores e/ou taboleiros de xadrez: os cargadores teñen a vantaxe de que permiten ás traballar ao aire libre, mentres uqe o xadrez facilita a socialización interxeracional.
- Fontes de auga potable de dobre altura (adultos e crianzas).

#### Propostas para a ZONA DEPORTIVA DA SENDA VERDE

- Poñer árbores ao longo de toda a senda para que aporten sombra nos días de verán. Ideal se son árbores de folla perenne, para que en outono o paseo non quede cuberto de follas.
- Fontes ao longo do paseo.
- Bancos para descansar.
- Percorrido con distancias marcadas para correr e pasear.
- Carteis que informen de atractivos turísticos da zona, como as mámoas, na zona 2.
- Barras de calistenia, na zona 2.

### G) IES ILLA DE SAN SIMÓN

O alumnado fai diferentes propostas para SAN PEDRO DE CESANTES:

- Zona de lecer, que habería de contar cos seguintes elementos: barbacoa, mesas de picnic, un quiosco ou máquinas expendedoras, fontes (para beber e das decorativas), céspede, árbores, cabanas de madeira para refuxio da choiva e do sol, baños públicos.
- Un parque para cans, con obstáculos e fontes das que podan beber.
- Unha parada de autobús ou *choco-tren*, con horarios para favorecer o desprazamento da rapazada.
- Horta urbana, para que a xente nova non perda a memoria de cultivar. Con composteiro e con utensilios necesarios.
- Zona acuática: con piscinas, pistolas estáticas, chorros intermitentes.
- Un minigolf.
- Unha pista de atletismo, unha de fútbol ou unha de tenis, que sexan públicas.
- Pista de karts.
- Unha tiroliña para adolescentes, grande e con certa altura.
- Un cinema ao aire libre, estilo auto-cine.
- Un local de ensaio para músicas diversas, tanto para baile como para canto ou grupos de música.
- Un miradoiro, cun banco para aproveitar as belas vistas da ría e da Illa de San Simón.

A representante, Carla, aproveita o turno de palabra para engadir unha petición de fóra do seu centro de ensino, pero pertencente ao grupo **Axentes do Cambio**, do que ela forma parte:

- Piden un lugar onde facer un mural. Este podería facerse nunha casa abandonada nos



terreos da Senda Verde de Chapela. Unha parede sería destinada ao mural deste grupo, e as outras tres poderían repartirse entre os outros colexios e insitutos de Chapela, de maneira que cada un pudiera elixir a temática e o que pintar en cadansúa zona. Un xeito de que a rapazada poda deixar a súa pegada na rúa.

## H) IES MENDIÑO

O alumnado fai propostas para SAN PEDRO DE CESANTES:

- Pistas de atletismo.
- Pista de patinaxe multiúsos gratuíta.
- Pista de *parkour*.
- Pista de karts.
- Campo de mini-golf: cada quen que leve o seu equipamento.
- Fonte de auga.
- Unha zona de aparcadoiro.

## I) IES MENDIÑO

Propostas para SAN PEDRO DE CESANTES:

- Un parque e unha pista de patinaxe, con espazos suficientemente separados.
- Bancos cómodos ou tamén gradas, para aproveitar as vistas agradables que hai no lugar.

Propostas para o “CAMPITO” DE CHAPELA:

- Un mini carril bici.
- Bancos cómodos para descansar.

Nos tres proxectos:

- Fontes de auga potable
- Aparcadoiros para bicis e patinetes
- Iluminación nocturna axeitada, para poder estar tamén pola noite.
- Colectores de lixo.

### ● RESPPOSTAS

#### **Lurdes Castaño, representante das ANPA DE REDONDELA**

Amosa o seu orgullo pola mocidade e polo axeitado das súas propostas. A xente nova precisa espazos propios pero tamén de participar nas decisións colectivas. Agradece ao Concello esa oportunidade para escoitar a súa voz.



### **Jessica García, representante do BNG**

Amósase a favor da pista de atletismo en Cesantes. Tamén de poñer en valor a mámoa do Rei e a zona de Monte Penide.

Fai referencia á pista de *pumptrack* que se plantexa como opción posible para a zona de Cesantes, e tamén á necesidade de dotar ás parroquias con espazos públicos como estes.

Anima á participación da mocidade: consellos escolares, asociacións xuvenís, en colaboración con pais, nais e profesores, para que a infancia amose a súa voz.

### **Daniel Boulosa, representante de AER**

Amosa a súa admiración pola rapazada e todas as súas propostas. Queda claro que visitaron os lugares, xa que falan con coñecemento do que se precisa.

Ademáis, lonxe de propoñer cousas só pensando neles, o contido das propostas está enfocado a todas as franxas de idade: dende os maiores ata os máis cativos.

Destaca que só dous centros falan das árbores autóctonas no equipamento, e pensa que é algo importante a ter en conta.

A pesar de que non se poderán integrar todas as propostas, tan diferentes, parécelle unha boa maneira de tomar nota para actuar máis axeitadamente por parte do goberno.

### **Ivan Crespo, representante do PP**

Da as súas felicitacións a todos os que compoñen este Consello, pois as súas propostas e iniciativas fan medrar a Redondela como pobo.

Alégrase de que desde o Concello se fagan este tipo de actos para dar voz á cidadanía.

### **Olga García, representante do PSOE**

Da as grazas ao alumnado e tamén aos mestres e mestras polo traballo, por asesorarse tanto e por colaborar co Concello en todo.

Aproveita para felicitar a Axentes do Cambio, o grupo de participación infantil e adolescente do Concello pola súa actividade, e polas súas reunións quincenais.

Agradece tamén a alta participación con propostas desde os centros na web que o concello deseñou para acoller a opinión do alumnado de Redondela sobre estes espazos.

### **Mely, representante de UNICEF**

Agradece, de parte de Unicef, o convite a participar neste Consello. Da as grazas ao Concello por organizalo e a todos os centros de ensino por participar.

Amosa satisfacción pola visión xenerosa, de non só pensar neles mesmos, senón tamén nos maiores e nos pequenos á hora de idear o espazo público.

Anímaos a seguir nesa liña de participación, porque os nenos e nenas son o futuro.

### **Digna Rivas, alcaldesa e presidenta do Consello**

Lembra ao alumnado a existencia do espazo web creado polo Concello para a participación de todos os nenos e nenas de Redondela, para que sexan eles quen teñan a palabra.





Indica que pouco a pouco se farán tamén este tipo de espazos públicos nas parroquias de Redondela.

Sinala a petición da maioría: fontes, quioscos. Tamén se aleda pola preocupación pola accesibilidade que amosan os participantes, pensando naquelas persoas que teñen máis dificultades.

No “Campito”, as mesas con wifi serán algo parecido ao que xa existe na Xunqueira de Redondela.

Con respecto aos murais de graffiti na zona anexa á Senda Verde, amósase de acordo: o edificio máis pequeno poderá ser para os colexios, para que sexan eles quenes o pinten, mentres que o máis grande encargáraselle a unha pintora.

Con respecto á pista de atletismo, está pendente facer unha no IES Illa de San Simón, en convenio coa Xunta de Galicia.

E ás 12:30 do martes 15 de marzo dase por rematada a sesión.

Redondela, 20 de marzo de 2022

